Demo e o seu mundo

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O trasno en Candia

Isto pasou en Candia, Abadín (Lugo):

»Dúas mulleres foron ó muíño, e facía moito frío e fixeron lume. E entonces baixou un neniño desnudo:

¡Ai, pobriño, quen este neniño abandonaría! ¡Ai, criaturiña...!

Quentárono e tapárono, e cuidárono, e, cando lles desapareceu, marchou pola chimenea, e despois decía:

¡Tataratá, as nenas do muíño quentárome o cu!»

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

ARQUIVO CHAIRA: Transcrición da versión oral de CONCHA LÓPEZ (54 anos), Os Castros, Candia. Marzo de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004